



Xacobeo 21-22

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Xullo 2021

DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Xullo 2021

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	38.216	4.996	76.542	13.324	12.562	11.038	38.556
Noites	83.838	15.472	135.234	23.105	20.830	20.690	91.193
Var. Int. Viax. 21/19	-23,4%	-23,4%	-10,6%	-16,4%	-8,0%	-22,4%	-10,9%
Var. Int. Noites 21/19	-29,8%	3,5%	-15,9%	-19,4%	-6,8%	-28,1%	-12,1%
Estadía Media	2,19	3,10	1,77	1,73	1,66	1,87	2,37
Var. Int. EM 21/19	-8,4%	35,0%	-5,8%	-3,6%	1,2%	-7,4%	-1,3%
% Ocupación	51,45%	56,85%	59,83%	46,08%	51,95%	51,01%	64,44%
Var. Int. Ocupac. 21/19	-20,32	2,67	-4,48	-8,29	-2,70	-18,81	-4,43
Prazas	5.219	867	6.981	1.616	1.291	1.294	4.496
Var. Int. Prazas 21/19	-1,1%	0,1%	-10,7%	-4,6%	-1,0%	-1,8%	-5,7%


Notas

- No pasado mes de xullo os destinos urbanos de Galicia rexistran un importante nivel de demanda tendo en conta o contexto de pandemia actual e as circunstancias propia da quinta onda, consolidando a recuperación iniciada a partir da finalización do estado de alarma e do período de desescalada posterior aos primeiros meses do ano. Tal circunstancia é notoria, por exemplo, na cidade de Santiago que recupera novamente o liderazgo do turismo urbano na comunidade logo dun período de cifras baixas.
- Así, neste inicio do verán Santiago posiciónase como o principal destino urbano de Galicia, absorbindo o 35% do total das cidades –con máis de 135 mil noites-. Sitúanse a continuación Vigo, con algo máis de 91 mil noites, e A Coruña, con preto de 84 mil noites neste caso –destino que nestes últimos meses absorbía a maior parte da demanda da comunidade-. Boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto preto do 80% das noites hoteleiras urbanas de Galicia.


- O 20% restante concéntrase nas restantes catro cidades sendo Ferrol o destino de menor volume e peso neste mes de xullo –absorbe o 4% do total urbano-.
- En termos dinámicos obsérvase neste período un comportamento relativamente homoxéneo no sentido de que todos os destinos superan os niveis do pasado ano –en porcentaxes importantes aínda que variables, destacando sobre todo o incremento rexistrado en Compostela que supera en máis do dobre a cifra de xullo de 2020- e ao mesmo tempo todos fican por debaixo dos niveis de 2019. A excepción vén da man da cidade de Ferrol que presenta o mellor comportamento en termos relativos superando non só as cifras de 2020 senón tamén as de 2019. Volve, por tanto, aos niveis habituais previos á pandemia grazas a unha notable mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense aínda lonxe. Esta dinámica repítese ao longo deste ano 2021.
- Esta dinámica parella dos destinos urbanos esconde en todo caso certas diferenzas en termos de intensidade. Neste sentido, e tomando como referencia os niveis anteriores á crise, os niveis de recuperación varían levemente entre as cidades sendo que todas fican relativamente cerca dos valores de 2019. Ourense presenta mellores cifras de recuperación pois achégase ao 93% do volume de demanda previo á pandemia. Vigo e Santiago amosan tamén niveis de recuperación notables, de entre o 85-90%, ficando A Coruña e Pontevedra como os destinos de peor comportamento en termos relativos – sitúanse neste mes no contorno do 70% da demanda de xullo de 2019-.
- A mellora dos datos respecto do pasado ano amosa tamén diferenzas de intensidade. O incremento é máis notorio en Santiago –supera en máis do dobre os valores de 2020 grazas ao incremento da cifra de viaxeiros aloxados-, e en Lugo e Ourense –que superan entorno ao 95% as cifras do pasado ano-. No lado contrario é Pontevedra o destino que presenta ata o de agora unha inercia máis lenta, cun incremento do 31% sobre as cifras de xullo de 2020.
- O turismo nacional é maioritario en todas as cidades, en porcentaxes que van do 80% en Santiago ao 93% en Lugo. Neste ano 2021, tanto agora en xullo como nos seis meses anteriores, o turismo internacional apenas ten presenza na nosa comunidade e, en consecuencia, nos destinos urbanos. Lugo é neste sentido a cidade con menor peso deste segmento.
- En termos dinámicos apréciase mellor comportamento relativo do turismo nacional fronte ao internacional en todas as cidades de Galicia, sendo que ambos presentan variacións dispares. Tomando como referencia os niveis previos á crise o mercado nacional recupera máis do 95% das noites de 2019, no conxunto dos destinos urbanos –con mellor comportamento en Santiago, Vigo e Ferrol que conseguen superar os valores previos á pandemia- mentres que o internacional apenas chega ao 45% -porcentaxe similar para todas as cidades agás Ferrol, que consegue manter o nivel de turismo internacional de 2019-.
- Neste contexto marca diferenza a cidade de Santiago pois o incremento rexistrado colócaa en máximos históricos de demanda nacional no mes de xullo, con máis de 108 mil noites. Destaca este dato pois acontece algo así por vez primeira na pandemia. En Ferrol o comportamento é tamén notorio non tanto pola intensidade senón pola dinámica positiva que presentan ambos mercados, superando as cifras de 2019 nun 4,3% o turismo nacional e manténdose estable o internacional.

- A estadía media varía nas diferentes cidades da comunidade marcando o valor máis elevado Ferrol con 3,1 noites. Dous destinos sitúanse por encima das dúas noites –A Coruña e Vigo- mentres que os catro restantes fican por debaixo das dúas noites –marcando Ourense a cifra máis baixa con apenas 1,7 noites-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos apréciase ben no lado da oferta de aloxamento. Neste sentido practicamente todas as cidades rexistran niveis de oferta superiores aos do ano pasado –con incrementos notables en A Coruña, do 46%, ou en Ourense, do 35%- e semellantes aos de 2019. As excepcións veñen da man de Pontevedra –que fica un 4% por debaixo das prazas ofertadas en 2020- e Santiago –que se sitúa no contorno do 90% das prazas anteriores á pandemia-. Neste sentido presenta a día de hoxe, cando menos no inicio do verán, unha perda do 10% das prazas dispoñibles en 2019.
- O bo comportamento da demanda leva a melloras notables dos niveis de ocupación en relación ao observado no pasado ano 2020. Os incrementos son xeneralizados e achéganse aos 30 puntos porcentuais en Vigo ou Santiago. A Coruña é, pola contra, a cidade que presenta a suba máis modesta, de algo máis de seis puntos neste caso.
- Con todo, as cifras de ocupación seguen por debaixo dos niveis acadados en 2019 se ben as diferenzas entre destinos son importantes. Marca a excepción Ferrol, que conseguen superar en case tres puntos a cifra previa á pandemia e marcar un valor semellante ao de 2018. En Santiago, Ourense e Vigo os niveis de ocupación achéganse aos niveis de 2019 –as diferenzas son inferiores aos cinco puntos porcentuais- mentres que nas restantes tres cidades as diferenzas son maiores –de oito puntos en Lugo e do contorno dos 20 puntos en A Coruña e Pontevedra-.
- Cun 64,4% de ocupación media Vigo marca a cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia neste inicio do verán. Sitúase a continuación Santiago, con case o 60%, ficando as restantes cidades por debaixo desa marca. A porcentaxe máis baixa rexístrase en Lugo, cun 46,1% de media en xullo.
- As tarifas hoteleiras superan os 70 euros de media en dúas cidades –A Coruña e Santiago- marcando esta última a cifra máis alta con 77,6 euros de ingreso medio por habitación ocupada. En Vigo as tarifas medias sitúanse en 64,0 euros mentres que en Lugo e Ourense fican por debaixo dos 60 euros.
- O bo comportamento da demanda acontecido ademais nun contexto de incremento das tarifas hoteleiras leva a melloras importantes da rendibilidade hoteleira nas cidades de Galicia. En todas elas se superan as cifras do pasado ano, en porcentaxes variables pero importantes –no caso de Santiago o crecemento supera o dobre de 2020- que permiten superar os 40 euros de ingreso medio por habitación dispoñible en A Coruña, Vigo e Santiago –xustamente esta última marca o nivel máis alto con 48,1 euros de media-. Lugo rexistra, en cambio, a cifra máis baixa con 29,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, xullo 2021




Variación da demanda turística nas cidades. Noites xullo 2021/19




Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Xullo 2021




Nivel de ocupación e variación interanual. Xullo 2021




Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, xullo 2021



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, xullo 2021/19



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Xullo 2021



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Xullo 2021

